

Agasállanos, unha vez máis, Xabier Paz cunha novela histórica porque os personaxes históricos, pensa o escritor, son coma un molde onde se poden verter todos os problemas do ser humano. Unha novela, *Aníbal e a Pintora*, que é o segundo chanzo da triloxía de narrativa histórica italiana que comezara con *Renacer*, que prosegue coa recuperación da biografía novelada da pintora Artemisia Gentileschi e que rematará con Galileo como figura na que se espella a Contrarreforma. A figura histórica de Artemisia é o renglón sobre o que arestora escribe Xabier Paz. Achéganos a figura desta muller contando as arelas dun personaxe inventado, Aníbal Moreda, alter ego do autor, que, aguilloado pola reprodución dun óleo, *Susanna e i vecchiari*, que Artemisia pintara con dezasete anos, decide investigar o que hai de verdade ou falsidade na vida desta pintora do século XVII. Artemisia Gentileschi foi unha pintora nacida en Roma que acadou o privilexio de entrar nas Accademie de Pintores de Florencia e Roma; recibir a insólita encargada para o seu tempo de pintar dentro dun templo, vencendo o sentir da Igrexa que consideraba impúdicas as pinturas feitas por mulleres. Foi ademais suxeito dunha intensa vida novelesca na que, por veces, foi vítima e noutras ocasións, un-


Pintora nun mundo de homes

Un amplo e documentado fresco

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

ha muller fornecida dun apaixonante carácter.

Se algo salienta a novela de Xabier Paz é que Artemisia foi unha muller que se sostivo coa pintura nun mundo de homes: vítima dun pai que foi para ela un lastre e un represor, da violación do seu profesor de perspectiva que a converte a seguir en amante durante meses tras a falsa promesa de matrimonio. Sofre o tormento da sibilla para probar diante do tribunal papal a verdade da súa denuncia; casada polo pai cun home banal e floreiro, consentidor dos amores da muller cun rico me-



cenas. Dependente sempre de comitentes e valedores, exercerá a súa arte en Roma, Florencia, Venecia, Nápoles e Londres. En feliz relación, malia que durante moito tempo fora analfabeta, con Galieo, Cristofano Allori, Michelangelo Buonarroti o Novo..., pintou ata a exte-

nua acción sobre todo corpos femininos xa que os seus comitentes querían ver corpos de mulleres espidas e imaxinadas por outra muller. Serán mulleres violadas ou sedutoras como ela mesma, abrindo un camiño vedado para as mulleres. De intensa vida sentimental, pinta seres femininos non plácidos, senón transidos dunha emoción transcendente e dotados de corpos explícitos e fartos.

Con todo, o mellor da peza de X. Paz é o que a converte nunha moi notable novela, é o

gran fresco, amplamente documentado, da Italia barroca, con Gran Teatro Contrarreformista herdado do turbillón de Trento. Unha Roma tardorrenacentista, ategada de festas públicas, tamén de execucións como as de Giordano Bruno e Beatrice Cenci; o esplendor cultural e artístico da Florencia dos Médici; o Nápoles dos untori e da peste. Non teñen menor relevo no desenvolvemento do relato as frecuentes éfrasis, ese exercicio literario no que o autor describe os cadros de Artemisia e doutros pintores. Así como as planas puntuadas pola forza intelectual e artística da Italia tardorrenacentista con Galileo, por exemplo, explicando as teorías do movemento. Artemisia coma Galileo esforzase en escorrentar as propias sombras, aínda que os dous violenten as súas conciencias en lances decisivos das súas vidas. En non poucas secuencias subliña o autor a carraxe feminista de Artemisia: séntese fachendosa de ser muller que se fixo a si mesma e non pode evitar a xenreira contra a herdanza de Trento e da súa época cando le nun libro piadoso escrito polo cardinal Belarmino que o home é máis nobre ca muller que se atopa comprendida no mesmo. Un caudaloso coñecemento das técnicas pictóricas e unha prosa rutilante e poderosa visten esta segunda incursión de Xabier Paz nos territorios históricos e ficcionais da Italia postrenacentista.

PAZ, Xabier, *Aníbal e a Pintora*, Ed. Xerais, Vigo, 2017, PVP. 20 €

Para alén do oikós

Escoitando a Clitemnestra

ESTRO MONTAÑA

A muller grega vivía nun mundo marxinal de submisión e silencio. Alea á política, confinada ao oikós, tiña como tarefas propias a reprodución, o coidado dos nenos e a vida doméstica. Sen embargo, na literatura aparecen espléndidos casos de mitos que desafían o poder da polis, do lexislador ou do esposo. Son heroínas como Antígona, Casandra ou Clitemnestra as que se van rebelar contra a autoridade masculina, e serán por ese motivo castigadas cun destino tráxico.


Para os seus coetáneos a autora do crime máis horrendo foi Clitemnestra, a quen Homeo cualifica de funesta e que amosa na *Odisea* como a antítese da fiel Penélope. Nas traxedias de Esquilo, manifestase esta raíña como unha muller vingativa que asasina o seu esposo Agamenón (tamén a Casandra) por dúas razóns: o sacrificio da fillas de ambos para que Artemis favoreza a expedición do rei cara á guerra de Troia e por traer este, despois da vitoria, a Casandra como concubina. Na obra de Esquilo, Clitemnestra non fai unha proclama feminista, pero defende os seus motivos para vingarse dun marido que a traizo e que antepón os intereses bélicos á vida dunha filla.

Co título de *¿Olvidar a Clitemnestra?*, María Xosé Agra vén de publicar un rigoroso ensaio, no que considera preciso, para acadar a xustiza e a igualdade, escoitar as razóns polas que actúa Clitemnestra e sacar as conclusións que nos axuden a dar respostas a un mundo convulso. Non defende a autora —como si o fai o coro das mulleres da *Clitemnestra* de María José Ragué— a xustiza da raíña que ergue o machado para cortar a cabeza do esposo guerreiro, pero si replantea os mitos e reexamina a cuestión de xénero desde un feminismo intelixente, culto e ben argumentado. No caso de se dar unha violencia como a de Clitemnestra, non debe imperar a vinganza, senón unha xustiza que debe impartir un tribunal e que, sen absolver os culpables, escoite as razóns do reo. Ao cabo, ninguén debe ser humillado co silencio.

O libro de María Xosé Agra, apoiado na teoría de que as mulleres están afeitas a analizar a realidade desde as marxas do sistema, constitúe toda unha incitación ao debate; un espazo no cal as mulleres xa non poden ser consideradas nunca máis como aqueles seres eloxiados por adornarse co silencio (Sófocles, Tudícides), senón como persoas que, desde unha atalaia privilexiada, resultan capaces de aportar moi valiosas reflexións de carácter filosófico e político.

AGRA ROMERO, María Xosé, *¿Olvidar a Clitemnestra?*, Ed. USC, Santiago, 2016, PVP. 15 €

María Xosé Agra
escribe desde un
feminismo
culto e intelixente



O autor mostra
nesta segunda
entrega unha prosa
rutilante e poderosa

Unha nova voz


Reescritura feminista

MONTSE PENA PRESAS

Estréase no mundo literario galego Ana Cabaleiro con *Sapos e sereas*, un monllo de relatos que se caracterizan pola ollada feminista que deitan e polas súas protagonistas poderosas, que nalgún momento teñen que romper varias convencións sociais (a maioría delas relacionadas coas trapelas do amor romántico), co que espera a súa contorna, co que se lles exige sen preguntarlles. A escrita da autora caracterízase por posuír un estilo lixeiro, que facilita que rapidamente entremos na narración, así como por dominar con abundancia a técnica do relato breve e ser capaz de deitar pequenas pegadas que, as máis das veces, nos conducen cara un final inesperado que busca facernos reflexionar.

Na maioría das narracións hai unha recorrencia a personaxes da cultura popular de tradición case universal: o lobo feroz, as sereas, os sapos, que se mesturan con outros de orientación máis bíblica (os Reis Magos, Eva, Xudit, María Magdalena...). Non é casual: unha das estratexias privilexia-

das, especialmente dende a década dos setenta do século XX, pola escrita feminista foi precisamente a de trocar as narracións populares a partir de cambios substanciais no seu desenvolvemento, reescribíndoas dende a perspectiva das outras e pensando especialmente no público infantil. Desa tradición bebe esta obra, na que xa se inspiraran outros textos da literatura galega pensada para nenas e nenos, coma *O rei da nada e outros contos* (1986) de Sabela Álvarez Núñez, pero tamén da concibida para o lectorado adulto, coma *Verme-la con lobos* (2004) de Carmen Blanco. En *Sapos e sereas* hai, polo tanto, unha actualización destas estratexias, que ademais é abordada dende a problemática das relacións de parella (interesantes son as re-



lacións sobre o que os demais queren ver, mais que se diferencia en grande medida do vivido polas persoas que forman parte da relación), poñendo un pé tamén na cues-

tián do maltrato psicolóxico e, nalgún caso, mesmo físico.

Non obstante, é mágoa que os relatos sexan tan só catro (parece que a lectura fica na tensión de querer continuar) e que non haxa ningún elemento máis que os cinga, creando un universo propio e autónomo que parece rachar cando non se empregan estes personaxes de tradición popular. O epílogo pretende pechar o círculo, acoutando tamén o mundo ficcional destas páxinas, pero a pesar de estar ben traído, acaba suxerindo ao lectorado que ha de pensar e que ha de pasar. Non era necesario: as páxinas anteriores, ben escritas e ben trabadas, xa nolo fixeran saber. Namentres, seguiremos agardando a que o universo de Cabaleiro se expanda en próximas entregas, porque o seu proxecto literario pode ser interesante.

CABALEIRO, Ana, *Sapos e sereas*, Ed. Galaxia, Vigo, 2017, PVP. 12 €